

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO  
DE

LINGUA CASTELÁ  
E  
LITERATURA

**2º ESO**

CURSO 2015-2016

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. OBXECTIVOS</b>	<b>10</b>
<b>3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DO ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO</b>	<b>12</b>
<b>4. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DOS MESMOS</b>	<b>13</b>
<b>5. AVALIACIÓN</b>	<b>15</b>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
FASES DA AVALIACIÓN	
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
<b>6. METODOLOXÍA</b>	<b>17</b>
<b>7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>18</b>
<b>8. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN</b>	<b>19</b>
FOMENTO DA LECTURA	
FOMENTO DAS TIC	
<b>9. MEDIDAS PARA MELLORAR OS NOSOS RESULTADOS</b>	<b>19</b>

# PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR.

## 4º ESO. ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO

### 1. INTRODUCCIÓN

Dirixímonos a un alumnado cunha serie de características comúns tales como a desmotivación, a falta de hábitos de traballo e, sobre todo, as deficiencias en recursos instrumentais e básicos : na comprensión e na expresión. Trátase de deficiencias relacionadas co uso da lingua e co manexo dos coñecementos, e que repercuten na aprendizaxe en calquera área / materia.

A globalización dos contidos e a labor titorial constante nun dos grupos (4º D), facilitará o desenvolvemento do traballo destes rapaces e rapazas.

Neste sentido cremos que é fundamental a labor do profesor :

- I. Como axuda á aprendizaxe
- II. Concibindo a acción docente como unha acción comunicativa..

Concordamos con Fernando Savater (“La educación irremediable”, El País , 11 de outubro de 2008) cando afirma :

“El buen profesor no es el que se impacienta ante los “zoquetes” o culpa al universo (o al gobierno de turno) por producirlos , sino quien tiene el sentido de la ignorancia, es decir, quien mejor posee “la aptitud de concebir el estado del que ignora lo que uno sabe”.

O autor comenta o libro de Pennac, Mal de escuela, onde se fala do proceso educativo como o choque violento entre o saber e a ignorancia. En definitiva, o alumno que non quere aprender, que está desmotivado , é o normal.

Seguindo a Savater a educación non é propiedade das familias e reivindica o papel da escola afirmando:

“Todo lo malo que se cuenta de la escuela nos oculta los numerosos niños a los que ha salvado de las taras, de los prejuicios, de la abulia, de la ignorancia, de la estupidez, de la avidez, de la inmovilidad o del fatalismo de las familias.”

Nós tamén opinamos que a escola ten esa capacidade de transformar e de axudar a formar individuos máis felices e de rescatar a aqueles, que por diferentes circunstancias, poden quedar fóra do sistema para sempre. Neste sentido , e apoiada na experiencias de bastantes cursos impartindo estes programas, creo que só se pode levar a práctica real a atención á diversidade traballando deste xeito.

Para cumprir os nosos obxectivos , é necesario un traballo rigoroso por parte do profesor. Precísase unha boa planificación e unha boa comunicación con todo o alumnado. A comunicación positiva, a empatía que sexamos capaces de xerar na clase, potenciará, facilitará ,ou pola contra, dificultará e impedirá o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Para unha boa planificación deste proceso é necesario ter información sobre diferentes aspectos decisivos á hora de realizar os axustes :

- Características do alumnado de Diversificación Curricular.
- Factores que potencian a aprendizaxe.
- Estratexias didácticas que facilitan a aprendizaxe.
- Claves da motivación para aprender.
- A avaliación como activación da aprendizaxe.
- Claves para a comunicación da acción docente.
- Claves para unha boa xestión do grupo.

### **Características do alumnado:**

Este curso , 2015-16 , temos 1 grupo de 4º de Diversificación Curricular .

Somos conscientes das súas dificultades e as súas limitacións así como dos seus hábitos (ou falla de hábitos de traballo).

Polo que levamos observado, os alumnos destes grupos teñen en común : dificultade, resistencia e rexeitamento das aprendizaxes escolares habituais. Ademais son diversos en canto a capacidades intelectuais, situacións sociofamiliares, actitudes e aptitudes persoais, referencias culturais... En común teñen a carencia de motivación e de autoestima necesarias para xerar e manter o interese e o esforzo necesario para as aprendizaxes escolares. Moitos deles nunca acadaron as “sucesivas experiencias de éxito” que os expertos sinalan como imprescindibles para non abandonar as tarefas que se inician. E seguramente ningún tivo a sorte de sentirse atendido e apreciado polos seus profesores e profesoras.

Para este tipo de alumnado, que accedeu á DC tras unha coidada selección por parte dos equipos docentes, orientación e xefatura de estudos, unha vez que eles / elas e as súas familias declaran a súa vontade e compromiso de aproveitar esta oportunidade, esta medida é unha ocasión para refacerse como estudantes e moitas veces tamén como PERSOAS, persoas con talentos e capacidades diferentes. Diversificación curricular é unha oportunidade tamén para descubrir os seus talentos. Tal e como é a práctica da actividade docente no resto dos cursos , cunha presión constante imposta polo obrigado cumprimento de programacións , ou unha ratio onde é imposible a atención individualizada, a escola rara vez atende ás potencialidades reais dos rapaces e rapazas. A escritora Susana Tamaro confesaba que non era escritora porque na escola a tiveran ensinado, primado, ou favorecido (ela lembra que en realidade só aprendeu a escribir grazas a unha mestra

afectuosa y alegre).

“A lo largo de la infancia, y de la adolescencia he creído tener una inteligencia inferior a la media, opinión que, además, confirmaba el colegio. Entre los profesores y yo había siempre una invisible pared de cristal, no entendía sus palabras, sus disertaciones, no entendía las preguntas y nunca sabía qué contestar”

(Tamaro, 2005, pp. 7)

Quizás por ello, llega a definir la escuela como “infinita plaga de humillación y aburrimiento”.

Por otra banda, también dice que no tiene “talentos innatos”... De todos modos, a escuela no os reconoce:

“grandes talentos, que por el contrario, se manifiestan con toda su genialidad fuera de sus paredes” (Tamaro, 2005, pp. 9)

I

Asociado con esto último viene a memoria un texto del premio nobel Doris Lessing, que en su prólogo al "Cuaderno Dorado" dice :

“Todo empieza cuando el niño tiene apenas cinco o seis años, cuando entra en la escuela. Empieza con notas, calificaciones, premios, “bandas”, “medallas”, estrellas y, en ciertas partes hasta galones (...) Es un sistema de desbroce : el débil se desanima y cae. Un sistema destinado a producir unos pocos vencedores siempre compitiendo entre sí. Según mi parecer- aunque no es éste el lugar donde desarrollarlo-, el talento que tiene cada niño, prescindiendo de su coeficiente intelectual, puede permanecer el él toda su vida, para enriquecerle a él y a cualquier otro, si esos talentos no fueran mercancías con valor en un juego de apuestas al éxito”

Pois o que o profesorado de diversificación ten diante son os débiles, os que o sistema non pode atender de xeito individualizado. Por iso, sigo considerando que é un espazo de traballo moi interesante , pero sobre todo , tremendamente gratificante porque obriga ao docente a estar cuestionándose constantemente o seu traballo, cambiando metodoloxía e utilizando múltiples recursos para que a comunicación con este alumnado sexa verdadeiramente eficaz.

### **Factores que potencian a aprendizaxe:**

Especialmente con este alumnado imos ter presente os seguintes feitos:

- Apréndese máis e mellor de maneira activa.

Isto tradúcese na resolución de problemas, busca de información, falar sobre o que se vai facer...

- Apréndese máis e mellor de maneira social.

Actividades por parellas, grupos reducidos, postas en común. Debates, situacións de aprendizaxe cooperativo, reflexión grupal sobre o traballo, coevaluación...

- Apréndese máis e mellor de maneira significativa.

Preguntas sobre o que saben os alumnos e alumnas sobre un novo tema e de aí ir cara adiante para avanzar, buscar aplicabilidade das aprendizaxes á vida real; aplicar o sentido do novo coñecemento e o seu interese; asociar áreas de coñecemento, acercar a linguaxe do profesor á do alumnado, ensinar a tomar apuntes, a subliñar, a recoñecer ideas principais e secundarias dun texto (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquema...).

- Apréndese máis e mellor de maneira afectiva.

Este é un aspecto de suma importancia, determinante do éxito ou fracaso das accións didácticas que realicemos. É moi importante tomar conciencia da importancia que ten o emocional para que a aprendizaxe se produza nun clima de comunicación positiva onde cada alumno e alumna se sinta individual e emocionalmente atendido, respectado, valorado e apreciado polo profesor/a..

É moi importante neste sentido, que o profesorado amose moito interese polos alumnos, que os anime e os reafirme na súa capacidade de realizar ben o traballo, que lles subliñe a importancia do esforzo para acadar os obxectivos. A autoestima do alumno é motor para a súa propia aprendizaxe. O profesor/a pode e debe mellorar a autoestima dos alumnos/as de dúas formas: poñéndoos en situación de que teñan experiencias de éxito e animándoos e reforzando o seu esforzo e os resultados obtidos por mínimos que sexan.

### Claves da motivación para aprender

A función do profesor como “axuda” á aprendizaxe ten, como misión especial, promover o proceso de aprendizaxe do alumno e alumna. A motivación porá en marcha o esforzo necesario para que o mecanismo funcione.

Co ánimo de conseguir esa motivación da que falabamos, decidimos este curso , concretamente no ámbito sociolingüístico, organizar o traballo arredor de determinados centros de interese durante cada trimestre. Nesta programación inicial, daremos conta das actividades realizadas na primeira unidade didáctica, que servirá como modelo para as que realizaremos nos dous trimestres restantes.

Así no primeiro trimestre, estamos traballando en torno a idea seguinte : TODOS SOMOS

ALIENÍXENAS. Intentaremos crear unidades didácticas de xeito que tódalas actividades xiren en torno a un tema, tanto no ámbito das linguas como nas ciencias sociais.

Perseguindo a motivación do alumnado, poremos en práctica tamén o que xa fixemos cursos pasados con 4º de diversificación:

Son tantas as horas que pasamos xuntos e nesa aula, que consideramos de suma importancia realizar un traballo artístico e colectivo que lles permita colonizar o seu espazo. De entrada, habilitaremos algunha das paredes da aula para construír unha especie de pequeno museo que mostrará obras importantes das vangardas artísticas do século XX. Ademais , e dado que algún deles mostra talento para as artes plásticas, reservaremos un pequeno espazo dese museo ás súas propias obras.

Están nun momento evolutivo importante, con moitas inseguridades e baixa autoestima. O planeta persoal que construírán terá que expresar aspectos relevantes da súa personalidade.

Así mesmo, propuxémoslles realizar por medio do collage, un alieníxena diferente. Pensamos que foi unha forma lúdica de entrar en materia e, o mesmo tempo, de proporcionarlles un espazo para a súa creatividade.

## **AS COMPETENCIAS BÁSICAS. CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL Á SÚA CONSECUCIÓN.**

### *Competencia en comunicación lingüística.*

O ámbito lingüístico e social, especialmente os contidos de lingua galega e lingua castelá, constitúe un espazo privilexiado para o desenvolvemento de destrezas que permitan un amplo uso da lingua nun variado número de situacións comunicativas diferentes. Para a adquisición desta competencia realizaranse , entre outras, as seguintes actividades :

- lectura e análise de distintos textos (detectar ideas principais e secundarias).
- análise e comentario de imaxes artísticas.
- lectura de mapas.
- interpretación de gráficos
- lectura de libros e prensa
- consulta de dicionarios e enciclopedias
- valoración da redacción e a ortografía en tódalas actividades a realizar.

### *Competencia social e cidadá*

A área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

Desde as áreas lingüísticas facilítase, coa aportación de diferentes textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, prestando especial atención aos usos lingüísticos que manifesten prexuízos raciais, sexistas ou clasistas.

O desenvolvemento desta competencia esixe unha metodoloxía participativa e interactiva que propicie habilidades para participar na vida cívica.

É recomendable para a adquisición desta competencia levar a cabo actividades de resolución de problemas, búsqueda de solucións alternativas, elaboración de estratexias sinxelas, confección de mapas básicos e temáticos, saídas complementarias ao entorno e traballos realizados tanto de forma individual como grupal nos que se expoñan as ideas con xuízo crítico, respecto e interese polo coidado e protección do medio.

Sería interesante a proposta dunha monografía na que se analizara un tema actual , tanto desde a perspectiva xeográfica como histórica.

#### *Competencia no tratamento da información e competencia dixital*

Cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que nos permitan o acceso á información. A busca e selección de fontes informativas, documentais e gráficas, requirirá o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización da Internet. O coñecemento das TIC debe capacitar ao alumnado para unha adecuada xestión de información atendendo a distintas finalidades.

Son importantes para a adquisición desta competencia a distinción entre os aspectos relevantes e os menos importantes, a relación e comparación de fontes ou a integración e o análise da información de forma crítica. Sería oportuna a realización de tarefas relacionadas coa utilización de soportes dixitais, fontes visuais e audiovisuais, así como o recurso ás web-quests, aplicacións informáticas específicas da materia e páxinas web que o profesorado establecerá como criterio pedagóxico. Nesta liña, unha parte dos traballos poderían ser elaborados en formato dixital.

Un instrumento moi valioso para traballar estas competencia , e tódalas demais , será O BLOGUE de aula, compartido co Departamento de inglés.

#### *Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico*

Desde a área de ciencias sociais contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica. A materia proporciona abundantes ocasións para analizar a acción das persoas na utilización do espazo e dos seus recursos. Búscase asegurar a protección e o coidado do medio.



### *Competencia cultural e artística*

Esta competencia concrétese fundamentalmente no ámbito literario, máis tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística.

Concedémoslle importancia especial á contextualización do feito literario no seu momento histórico e as relacións existentes entre tódalas manifestacións artísticas. É prioritario para nós a educación da súa sensibilidade e que utilicen as manifestacións artísticas e culturais como fonte de goce e enriquecemento persoal.

Trátase de propiciar o disfrute estético e o cultivo da sensibilidade dos alumnos e alumnas e, por outro lado, o desenvolvemento do seu pensamento crítico, xa que a percepción da obra implica comprender aso seus artífices e, polo tanto, ao seu contexto histórico.

Resulta oportuna a incentivación da lectura como procedemento privilexiado para conseguir os coñecementos que apoien a adquisición duns valores claros e persoais. Tamén a utilización dunha filmografía adecuada axuda á imaxinación e a situarse mellor na época que se estudia. Outra contribución ao desenvolvemento desta competencia é a elaboración de sinxelos estudos sobre a cultura e a arte de Galicia.

### *Competencia para aprender a aprender*

Trátase de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar respostas que se correspondan cun coñecemento racional. É preciso coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, é dicir, trátase de coñecer as propias capacidades e as propias carencias.

Desde esta materia trabállase de xeito habitual con técnicas de desenvolvemento intelectual que favorecen a aprendizaxe mediante o estudo, a observación, a relación, e análise dos feitos, distinción do principal e o secundario, realización de esquemas, resumos, mapas conceptuais, exposicións, averiguación de significados, suxestión de temas de investigación...

Na elaboración de traballos individuais ou de grupo, os alumnos e alumnas planificarían proxectos, buscarían solucións, resolverían dúbidas, explorarían novas estratexias. Deste xeito o alumnado sería estimulado para desenvolver o pensamento diverxente e aprendería a participar en sociedade.

### *Competencia matemática*

A área de ciencias sociais contribúe, en certa maneira, á adquisición da competencia matemática. O coñecemento dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade permite colaborar na súa adquisición na medida en que se incorporan operacións sinxelas, porcentaxes, uso de escalas numéricas e gráficas., tasas, escalas, eixos cronolóxicos, táboas, pirámides de poboación, climogramas, sistemas de proxeccións cartográficas, coordenadas xeográficas, etc.

Esta competencia insértase, polo tanto, na materia de xeito natural, recurrido aos números para realizar operacións sinxelas, como fonte de información e como forma de expresión, axudando

á comprensión e valoración de aspectos físicos, económicos, humanos e históricos.

### *Competencia en autonomía e iniciativa persoal*

A autonomía e a iniciativa persoal promóvense co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación e co desenvolvemento de actividades de planificación, así como toma de decisións presentes en debates, traballos individuais e en grupo.

O alumnado realizará debates, traballos individuais ou en grupos que os leve a iniciativa da súa organización e destaque a creatividade, o análise, a organización, a posta en práctica e a revisión, unha vez finalizados, para comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos previstos.

## **2. OBXECTIVOS**

### **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

Segundo o D. 133 do 5 de xullo de 2007 a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

a) Asumir responsablemente os seu deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

1. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

· Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

· Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

2. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

- Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

1. Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuindo á súa conservación e mellora.

- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

### **3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DO ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO**

- Comprender discursos orais e escritos en diversos contextos.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente e adecuado ás diferentes situacións comunicativas.
- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente e adecuado ás diferentes situacións comunicativas.
- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información.
- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Ler con fluidez e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e coñecemento do mundo.
- Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e os motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas e sexistas.
- Coñecer a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado Español, de Europa e do mundo actual.
- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, así como as que hoxe condicionan o seu uso.
- Promover o sentimento de pertenza á Comunidade Galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos da historia contemporánea do mundo, de Europa, de España e de Galicia.
- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial.
- Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz.
- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica e cartográfica procedente de fontes diversas.
- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que

aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.

- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

## **4. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DOS MESMOS**

### **PRIMEIRA AVALIACIÓN**

· As revolucións burguesas. O capitalismo e a sociedade de clases.

A literatura castelá do século XIX. Romanticismo e realismo.

O texto. Características e tipos.

O sistema vocálico.

Repaso ortográfico.

· A segunda revolución industrial e as transformacións demográficas. Os movementos sociais de finais do século XIX e inicios do século XX.

Modernismo e xeración do 98.

O texto expositivo.

O sistema consonántico.

Repaso ortográfico.

v O mundo entre guerras. A revolución rusa. Nazismo e fascismo.

O tempo das Irmandades da Fala. A xeración Nós.

O texto argumentativo.

Familias léxicas.

Repaso ortográfico.

O repaso ortográfico desta avaliación centrárase nas palabras que presentan dificultade de escritura, especialmente naquelas sobre as que xorden dúbidas para escribilas xuntas ou separadas: por que / porque, a ver / haber, etc.

### **SEGUNDA AVALIACIÓN**

· República e ditadura en España.

As vangardas. A xeración do 27. A xeración do 25.

O curriculum vitae.

Préstamos e estranxeirismos.

Repaso ortográfico.

· A división do mundo en bloques. A Guerra Fría.

A literatura de posguerra. O exilio.

Instancias e reclamacións.

Relacións semánticas.

Repaso ortográfico.

Ø A terceira revolución industrial e a globalización económica.

A literatura castelá ata 1975.

Cartas ao director.

Campos semánticos.

Repaso ortográfico.

Nesta avaliación o repaso ortográfico centrarase na puntuación.

### **TERCEIRA AVALIACIÓN**

· A Unión Europea.

A literatura galega ata 1975.

As variedades dialectais.

Unidades e funcións sintácticas.

Repaso ortográfico.

· España en democracia.

A literatura castelá a partir de 1975. A literatura hispanoamericana.

O conflito lingüístico.

Os procesos de coordinación e subordinación.

Repaso ortográfico.

· A Galicia autonómica.

A literatura galega a partir de 1975.

As linguaxes e a comunicación.

A cláusula.

Repaso ortográfico.

O repaso ortográfico desta avaliación fixarase na correcta escritura de abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos

## 5. AVALIACIÓN

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprender a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias de textos escritos e dos medios de comunicación audiovisual.
- Narrar, expoñer, explicar, resumir e comentar en soporte papel ou dixital, nun rexistro adecuado, con secuencias coherentes, respectando as normas gramaticais e ortográficas e utilizando a planificación e revisión de textos.
- Realizar breves exposicións orais planificadas, claras e áxiles de traballos e de información de actualidade.
- Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico.
- Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.
- Identificar as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega. Extraer os trazos principais que definan a actual situación sociolingüística de Galicia.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector. Valorar a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregan.
- Explorar alternativas lingüísticas que eviten o uso de expresións discriminatorias sociais, raciais, sexuais, etc. e a utilización desas alternativas en producións propias.
- Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo das ciencias sociais.
- Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas.
- Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental.

- Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar no século XX.
- Participar en debates sobre temas de actualidade do contorno do alumnado, procurando conectalos con contextos máis amplos.

## **FASES DA AVALIACIÓN**

Avaliación inicial. Este ano é necesario preparar unha proba específica con este fin, para o novo alumnado procedente do IES Coroso. Do outro curso, 4º C, temos todos os datos sobre a avaliación final do curso pasado.

Avaliación formativa: ao longo do proceso educativo. Proporciona información sobre o progreso do alumnado e permite corrixir e mellorar a metodoloxía.

Avaliación sumativa: para valorar os resultados finais da aprendizaxe e comprobar se o alumnado adquire as competencias básicas previstas.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Han de ser variados, de modo que permitan valorar os distintos tipos de capacidades e contidos.

- Observación directa na aula: actitude ante a materia, hábitos de traballo, participación nos traballos colectivos, actitude crítica...
- Traballo fóra da aula. Análise e corrección das actividades realizadas na casa.
- Revisión dos cadernos de aula. Nestes cadernos deben aparecer todas as actividades e traballos realizados coas correccións correspondentes.
- Breves exposicións orais, planificadas con antelación.
- Probas escritas de carácter obxectivo.
- Fichas sobre as lecturas de obras en castelán e galego.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

De todos estes instrumentos de avaliación terá un maior peso a observación directa e o caderno de clase, que como un diario recollerá a evolución nas aprendizaxes de cada alumno e alumna: 40%; as probas escritas de carácter obxectivo: 30%; as lecturas: 20% e as actividades realizadas na casa: 10%.



## 6. METODOLOXÍA

O curso pasado intentamos establecer unha metodoloxía aberta que integrara as ensinanzas lingüísticas e sociais. Este ano seguiremos traballando na mesma liña, relacionando os contidos das distintas áreas para comprendermos mellor a vida en sociedade.

Non podemos establecer unha liña metodolóxica única e pechada, senón unha serie de opcións múltiples e complementarias. A consecución das aprendizaxes pode chegar a través da utilización de diversos métodos en función do momento, das características dos traballos, das situacións persoais, etc.

Terán especial importancia os seguintes aspectos:

- o Enfoque eminentemente práctico, de modo que o alumnado se vexa obrigado a manipular constantemente a información, os textos e o material en xeral que se lle ofrece.
- o Tratamento sinxelo dos temas, pero sen perder o rigor.
- o Selección de aspectos culturais, históricos, lingüísticos e literarios que axuden a comprender a vida en sociedade.
- o O punto de partida ten que ser os coñecementos previos do alumnado, para que poida apreciar os progresos nas aprendizaxes.
- o Apoio teórico que inclúa explicacións, ilustracións, mapas, textos de autores...
- o Uso de elementos de aprendizaxe participativa: investigación en equipo, exposicións, debates...
- o Atención á diversidade dentro do grupo de diversificación, o que implica: coñecemento real do punto de partida de cada alumno e alumna, flexibilidade nas aprendizaxes, traballo cooperativo e reforzos que contribúan a mellorar a súa autoestima.

Tendo en conta o carácter globalizador que debe ter todo o programa é ideal o desenvolvemento de pequenos traballos de investigación. Nesta liña convén alternar o traballo individualizado, que fomenta os niveis de cumprimento e responsabilidade persoal, co traballo en grupo, que favorece o proceso de socialización, o respecto a diversidade de opinións, a colaboración, etc.

Asimesmo, na ensinanza desta materia interesa o uso combinado de estratexias expositivas e de análise. Os contidos doutros bloques pódense abordar a partir de exemplos prácticos da vida cotiá, tendo en conta a realidade social, os intereses do alumnado, a información dos medios de comunicación, etc. para propiciar debates ou exposicións orais e escritas básicas es el desarrollo de pequeños traballos de investigación.

A elaboración, participación e mantemento do BLOGUE de aula será tamén un instrumento moi valioso para acadar os nosos obxectivos.

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material didáctico adaptado pola profesora, partindo dos libros de texto de 4º ESO das

materias de lingua e literatura galega, lingua e literatura castelá e ciencias sociais, xeografía e historia.

- Dicionarios de galego e castelán.
- Material dispoñible na biblioteca do centro: enciclopedias, dicionarios específicos, atlas, material audiovisual...
- Material informático. A aula na que se imparte clase conta cun canón e cunha pizarra dixital e na biblioteca hai ordenadores para todos.
- Xornais en galego e castelán, así como outro tipo de publicacións periódicas que se reciben no centro.
- Libros de lectura en galego e castelán.

### **Lecturas obrigatorias:**

En cada trimestre marcamos dúas obras literarias de obrigada lectura para os alumnos, unha en lingua galega e outra en lingua castelá. Xunto a éstas traballaremos variados textos que servirán de complemento da actividade formativa de cada unha das linguas. Queremos sumarnos activamente á campaña de animación á lectura da Biblioteca para o presente curso polo que a lista que presentamos a continuación é tan só aproximada. É posible que aparezan cambios a medida que o curso vaia avanzando.

#### **Primeiro trimestre**

*Lingua galega:*

Ray Bradbury; Crónicas marcianas

*Lingua castelá:*

Julio Verne ; De la tierra a la luna

John Boyne ; El niño del pijama de rayas

#### **Segundo trimestre**

*Lingua galega:* propoñemos o estudo da figura de Alfonso R. Castelao desde dúas das súas obras máis representativas:

Cousas

Os dous de sempre

*Lingua castelá:*

Antología de los mejores relatos de ciencia ficción; Alfaguara

#### **Terceiro trimestre**

*Lingua galega:*

Loureiro, A. Camiño perigoso

*Lingua castelá:*

Harbou Thea Von; Metrópolis

### **Complementarias:**

- Selección de relatos de autores varios (García Márquez, Roal Dahl, Álvaro Cunqueiro, etc.)
- Textos teatrais: Arrabal, F., Pic-nic. Bajo Martínez, M<sup>a</sup>J., La muerte me anda buscando. Tormo, P., Apagón en un ascensor. Castelao, A. Os vellos non deben de namorarse.
- Selección de textos poéticos dos movementos estudados en cada lingua.

## **8. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN**

### **FOMENTO DA LECTURA**

As materias que integran este ámbito son polos seus propios contidos favorecedoras da lectura. Hai que destacar que, ademais dos materiais específicos, o alumnado realiza lecturas de fragmentos ou obras literarias completas ao longo de cada unidade didáctica.

### **FOMENTO DAS TIC**

A maior parte da información que recibe o noso alumnado chégalle a través das novas tecnoloxías. O profesorado non pode vivir de costas á realidade, debe integrar na súa metodoloxía os novos instrumentos dos que dispón. O IES Leliadoura conta con material informático en cada aula que nos facilita o acceso a este medio, polo tanto as Tic aparecerán en distintas actividades propostas ao longo do curso e integradas na aprendizaxe diaria, como unha fonte de información e unha ferramenta máis de traballo

## **9. MEDIDAS PARA MELLORAR OS NOSOS RESULTADOS**

Tras esta análise, os membros do Departamento consideramos que imos polo bo camiño na mellora da competencia lingüística. Onde debemos aumentar os esforzos é na expresión escrita. Incluiremos as seguintes melloras na nosa programación:

1. Participación nos concursos de escritura que se programen dende a biblioteca e a Vicedirección: este ano haberá un Concurso de relatos de cirncia-fición relacionados co Proxecto ASTROBIBLIO( Todos os niveis da ESO)

2. Concurso do Día de San Valentín: Elaboración de poemas de amor (Todos os niveis).
3. Darlle máis peso aos exercicios de redacción que hai nos diversos temas da programación (Todos os niveis)